



Memoria final do departamento de ...

IES A Xunqueira II

Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento DEBUXO.

D^a/D. José M^a Casal Dorado



Índice

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións.....	3
2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores	3
3. Propostas para a revisión de	4
1. A programación didáctica para o curso seguinte	4
2. A concreción curricular	4
4. Funcionamento do departamento	5
5. Composición do mesmo	5
6. Temas máis importantes tratados nas reunións	5
1. Setembro	5
2. Outubro	5
3. Novembro	6
4. Decembro	6
5. Xaneiro.....	6
6. Febreiro.....	6
7. Marzo.....	7
8. Abril.....	7
9. Maio.....	8
10. Xuño.....	8
7. Informe de actividades complementarias e extraescolares.....	9
8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave.....	20
9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL	21

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

Foron revisadas as programacións de 1º e 3º da Eso por Inspección, atendéndose dende o Departamento a petición de modificacións nelas antes do 28 de Febreiro do presente curso.

O Departamento cubre as avaliacións por competencias de 1º, 3º e 4º de Eso na táboa Excel dos ordenadores da sala de profesores.

Na segunda avaliación a profesora Margarita Esteban sinala como moi extensa a programación de Eso e Bacharelato. Tamén que non da tempo a consolidar os coñecementos. Hai moito alumnado por aula na Eso, con dificultades algún deles que non poden atenderse como é necesario.

O profesor Jose María Casal indica que:

En 1º de Bacharelato foi necesario reducir o contido de material teórico.

En 4º de Eso foi necesario simplificar a programación por colaborar co Departamento de Normalización Lingüística.

Dende o Departamento coincídese en que aínda que os resultados son bastante positivos detectáronse en case todos os niveis unha baixada de rendemento.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

Curso 2022-23			
Materia/nivel	Nº alumnos/as	Aproban	Suspenden
DEBUXO ARTÍSTICO II / 2º BAC	20	19 (95%)	1 (5%)
DEBUXO ARTÍSTICO I SEN CURSAR / 2º BAC	7	6 (86%)	1 (14%)

DEBUXO TÉCNICO I / 1º BAC	11	11 (100%)	-
EPVA / 1º ESO D	30	26 (87%)	4 (13%)
EPVA / 3º ESO A+B+C+D	112	106 (95%)	6 (5%)
EPVA / 1º ESO A+B+C	91	91 (100%)	
EPVA / 4º ESO A+B+C+D	60	60 (100%)	
DEBUXO ARTÍSTICO I / 1º BAC	21	21 (100%)	
DEBUXO TÉCNICO II / 2º BAC	13	13 (100%)	

3. Propostas para a revisión de

1. A programación didáctica para o curso seguinte

Acortar programación para facela máis accesible o nivel e os grupos de Eso. Observamos grupos con dificultades de integración e de seguemento da materia e que pensamos seguirán no centro e incorporaranse máis destes rapaces, pertencentes a familias desestructuradas, con escasos recursos, etc. Todo o anterior fai necesario unha adaptación metodolóxica e curricular que soio se pode facer a medida que avanza o curso e se detectan estas necesidades.

2. A concreción curricular

Observar as indicacións para facer as programacións Lomloe, iste vindeiro curso xa implantado en todos os cursos. Adaptar as programacións a nova Ley. Observación dos grupos durante as clases e detección de necesidades.

4. Funcionamento do departamento

Reuníronse os membros do Departamento a 2ª hora do Luns. Convocouse por correo corporativo os integrantes do Departamento e finalmente cubriuse a Acta de Reunión, finalizada cada reunión do Departamento incorporouse o Libro de Actas custodiado no Departamento de Debuxo.

5. Composición do mesmo

José María Casal Dorado (Xefe de Dpto.) e Margarita Esteban Muñecas (profesora).

6. Temas máis importantes tratados nas reunións

1. Setembro

En Setembro tivemos dificultade para facer o seguimento do alumnado de 2º de Bacharelato de Debuxo artístico, que non cursou a materia o ano anterior polo elevado número de alumnado e pola non disposición de ocós comúns para atendelos.

2. Outubro

A elaboración das programacións Proens, debido a súa complexidade conceptual, provoca malestar no profesorado do departamento ao non entender con claridade entre outros os aspectos da avaliación ofrecidos pola aplicación.

As dificultades técnicas atopadas para o normal desenvolvemento das reunións de Departamento están a producir retraso no traballo da Xefatura. As actas non se axustan as indicacións de dirección en canto a forma, logotipos, etc. debido a que o único ordenador con Windows que mantén a estrutura prefixada está estropeado.

O Xefe do Dpto. Informa dos puntos tratados na última CCP celebrada o 10-10-22 con especial detrimento no apartado do alumnado de pendentes, do perfil competencial de Centro e de materia, Plan de evacuación e datas de presentación da programación Lomloe.

3. Novembro

Revisión dos criterios de avaliación en 1º da eso, pechar programacións de Margarita Esteban 3º de Eso e 1º de Bach, e de Jose María Casal 1º de Eso e 1º de Bacharelato programación Lomloe no Proens.

4. Decembro

Na reunión do Departamento cheganse o seguinte acordos:

No Proens, para a programación de 1º da Eso, decidese modificar o apartada 5.2 de “Criterios de cualificación e recuperación” no subapartado Cualificación Final deixando posto que “A nota final consistirá nunha media aritmética das tres avaliacións”.

A profesora Margarita Esteban transmitirá ao equipo directivo que cando o profesor do noso departamento non poda acudir o traballo o alumnado debería quedar na súa aula ou no caso de acudir a aula de plástica traballar co material propio e non co común.

O profesor José M^a Casal acordará co alumnado de 1º de Bach Debuxo Artístico, a elección duns responsables que asistirán o profesorado de garda durante as ausencias do profesor no aula de Debuxo Artístico para asegurar o mantemento do material e das instalacións.

Sinalar que continúa a avería no ordenador do Departamento de Debuxo.

5. Xaneiro

En 1º de ESO a avaliación non coincidiu co trimestre. Dadas as circunstancias do grupo e a súa dinámica varios apartados da UD 1 seguironse a impartir na 2ª Avaliación.

En xeral faise unha valoración positiva da 1ª Avaliación.

6. Febreiro

Informar o director das dificultades para realizar durante a hora de reunión de departamento o informe de acta polo estado dos ordenadores e das plantillas oficiais que se atopan “protexidas”.

Revisión programación Programación Proens e Addendas cursos pares según instruccións de Inspeccións relativas a nova Lei e a datas de fin de curso. Prazo de entrega o 28/02/23.

Colaboración co Contrato Programa Inclúete, presentación do cartel ao concurso do 8 M organizado pola Consellería de Igualdade.

Rematar Adendas de Programación cursos pares e Programación Lomloe en Proens.

7. Marzo

Informar sobre os erros do folleto de centro “Información sobre as materias optativas ofertadas no noso centro”.

Actualización da guía sobre as materias de opción e optativas ofertadas no noso centro.

Análise dos resultados da segunda avaliación; aínda que os resultados son bastante positivos detectáronse en case todos os niveis unha baixada de rendemento.

Adxuntar no libro de Actas do Departamento o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro.

Informar sobre o tratado na CCP do 28 de marzo como o calendario de avaliación de pendentos, Eso e Bacharelato. Informar sobre os acordos das xuntas de avaliación coas indicacións para o profesorado.

8. Abril

Informar sobre a actividade complementaria: Esculturas de Area na praia da Lanzada para 1º e 3º da Eso. Actividade organizada polo Departamento de Debuxo pero que se fai extensible ao proxecto Tutoría entre Iguais.

Seguemento do alumnado de pendentos e alumnado de 2º de Bacharelato con Debuxo Artístico de 1º sen cursar.

Contactar cos pais do alumnado de 1º de Eso con mobilidade reducida coa finalidade de solicitar o seu apoio para a actividade da Lanzada.

Consultar con xefatura a cualificación dunha alumna de 2º de Bacharelato de Debuxo Artístico que non se presentou a proba final de Debuxo Artístico I.

9. Maio

Informar dos puntos tratados na última CCP celebrada o martes 9 de Maio.

Informar sobre a actividade complementaria. Pusemonos en contacto coas nais dos alumnos/as con problemas de mobilidade atopando unha resposta colaborativa.

Seguemento alumnado de pendentos e alumnado de 2º de Bacharelato con Debuxo Artístico de 1º sen cursar.

Consultar ao Director cal é a situación real de petición da materia Debuxo Técnico I na oferta educativa pasada ao alumnado.

10.Xuño

Valoración da terceira avaliación e estudo dos apartados a tratar na memoria final que se entregará a última semana lectiva de Xuño. O profesor Jose María Casal destaca a necesidade de simplificar máis a programación que se imparte tanto en cada curso da Eso como en Bacharelato xa que o número de alumnado dificulta impartir coa debida atención a materia. A profesora Margarita Esteban, destaca que o programa é moi denso e a dinámica de aprendizaxe lenta. Dí que baixo o seu punto de vista, o sistema diédrico debería deixarse para 2º de Bacharelato posto que a inmadurez do alumnado cara este tema produciulles malestar e desmotivación.

Solicitude de material funxible para o vindeiro curso.

Seguemento alumnado de pendentos. A alumna de 2º de Bach. de Debuxo Artístico coa materia sen cursar en primeiro non se presentou a convocatoria extraordinaria nin de primeiro nin de segundo, o día 19/06/2023 as 10:30 da mañan no horario programado polo equipo directivo para estas probas.

No caso da Eso, os seis alumnos e alumnas de 2º de Eso pendentes non se presentaron as probas finais nin presentaron os cuadernillos parciais. A alumna de 4º da Eso con Epva de 3º pendente, superou a materia ao longo do curso.

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares

Actividades e proxectos colaborativos desenvolvidos durante o curso 2022-23

1er. trimestre

Elaboración figuras de origami co alumnado de 1o ESO, 3oESO, 1o bac deb. Técnico e 2o bac deb. Art ,para escenografía de Samaín no vestíbulo do centro



Celebración do día das bibliotecas: bookface ou a maneira de fundir a portada dun libro coa realidade. Alumnado de 2o bac. de Debuxo Artístico



2o trimestre

Colaboración Normalización Lingüística:
Elaboración deseños para camisetas e portadas de libretas. (2o bacharelato/ Debuxo Artístico)



Colaboración co Equipo de Normalización Lingüística: Concurso de debuxo para conmemorar o día de Rosalía (1o ESO, 3o ESO, 2o BAC)



Participación no concurso de cartel, organizado pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, para conmemorar o 8M (alumnado de 2o BAC/ Artístico). Premio Accésit na súa categoría



Colaboración co equipo de convivencia do centro. Alumnas 2o bac deb/art)



Colaboración co Plan de mellora do centro e cos Programas Inclúe-T, Iguála-T (alumnado de 2o BAC de deb. Artístico)



3o trimestre

Participación Obradoiro de Haiku, Semana CAM organizada polo clube de lectura de cómic e manga da biblioteca



Participación obradoiros de banda deseñada e curtametraxe. Actividade organizada polo enl para animar ao alumnado a participar no benveñas maio. Alumnado de 1o e 3o de ESO



Participación Benveñas maio na modalidade de banda deseñada. 2o Premio: Julia Lorenzo Portas (3o ESO D)

Xornada de creación de esculturas de area na praia da Lanzada. Tema Picasso. Alumnado de 1o e 3o de ESO. Actividade colaborativa do programa Tutoría Entre Iguais.





Plan Proxecta: Paisaxe e sustentabilidade. Actividade colaborativa co Departamento de Bioloxía. Alumnado de 3o de ESO



Máis fotografías: Como xa quedou exposto anteriormente en Decembro exposición do Samaín.



Colaboración co Contrato Programa Inlucete, presentación do cartel ao concurso do 8M organizado pola Consellería de Igualdade.

Marzo: O venres 3 de marzo, as alumnas de 2º de Bacharelato D. Beatriz López e Fátima Fontecoba recibiron o premio accésit na Cidade da Cultura de Santiago polo cartel deseñado para o 8M e organizado pola Consellería de Igualdade. O Departamento quere deixar constancia do agradecemento polo seu traballo.

Exposición de ilustracións sobre un poema do libro Follas Novas de Rosalía de Castro:



-Taller de Fotografía, banda deseñada e Ilustración organizado polo Departamento de Normalización Lingüística.



Maio: Actividade Esculturas de Area na praia da Lanzada






Deseño para o 17 de maio.



Entrega de premios de Diseño organizado por Normalización Luingüística e o Departamento de Debuxo:



Maio: Deseño de pancartas para Normalización Lingüística.



8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

FOMENTO DA LECTURA: A hora de lectura que afectaba a un curso de 1º de Eso C, a 3ª hora, os mércores decidiuse utilizar os libros que leía o alumnado como motivo para facer unha ilustración alusiva o leído cada trimestre. Este modo de ir facendo funcionou o primeiro trimestre nembargantes a partir de Xaneiro que baixamos o aula de Debuxo Artístico o alumnado deixou de traer os libros de texto cando viñan despois do recreo; non axudou o seu número: 30, e tampouco as circunstancias sociais e clínicas dalgúns destes. Asemesmo no curso 1º de Eso D, todos os martes destinaronse os primeiros 15 minutos de clase a leer.

INTEGRACIÓN DAS TIC:

En 4º de Eso permitiuse utilizar aplicacións nos móbiles particulares e tamén os portátiles Edixgal. Cada traballo proposto era subida a Web por medio dun Blog individualizado.

Nos cursos de 1º, 3º e 4º de Eso que están dentro do Edixgal vanse alternando exercicios analóxicos cos dixitais e toda a materia colgase na plataforma.

En 1º de debuxo técnico existe un bloque de contidos no que se imparte sistemas cad e traballase co librecad.

Toda a materia de debuxo técnico e debuxo artístico de bacharelato está subida ao aula virtual.

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

Seguindo o que dí a Lomloe sobre a *“ transversalidad é unha condición inherente o Perfil de saída, no sentido de que os aprendizaxes contribuen a súa consecución.*

Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribuiu a adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito o materia, senón que todas concretáronse nos aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos e materias e, a súa vez, adquiríronse e desenroláronse a partir dos aprendizaxes que se produciron no conxunto das mesmas.

O profesorado estimulou a axuda mutua e o traballo colaborativo co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, contribuíu a desenrolar a competencia para participar activamente nun equipo, o análise e a reorganización das propias ideas. O respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación as necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto as normas acordadas.

O carácter colectivo do proxecto buscou a inclusión do alumnado, desenvolvendo a empatía e a xenerosidade.

No aula creamos un clima emocional de confianza e seguridade que facilitou que, progresivamente, o alumnado aceptase a incertidumbre como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforzou as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as conductas asociadas as emocións negativas, evolucionando dende unha posible falla de confianza inicial hasta a satisfacción que supuso ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións. Coidamos o grupo-aula a pesar de ter un número excesivo de alumnado con alumnado con moitas diferenzas económicas, sociais, e intelectivas. Esta diversidade dificultou a integración de todos os seus membros, especialmente en 4º da Eso, 30 alumnos e alumnas que escolleron a asignatura como optativa que é e que procedían de catro 4º da Eso, nembargantes buscamos crear o clima idóneo para o traballo en grupo e para que as clases se desenvolvesen con normalidade. Deste xeito buscamos desenrolar as competencias clave nos traballos en grupo.

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

Mantemos o ordenador Edixgal na Eso tanto este curso como no próximo. Subindo o contido necesario para o desenvolvemento da Programación.

En Bacharelato, especialmente Débuxo Técnico non utilizamos libro de texto, subense o Aula Virtual os contidos cando é necesario, tamén utilízanse para o seguemento de alumnado que non se pode presentar e utilízanse fotocopias para apuntes e exercicios tamén.